

NAS RUTAS DE REGRESO

Quizais aínda non me vinguei
pero nas rutas de regreso,
as miñas velas despregadas ao infinito
descobren espazos aos que aínda non cheguei.

Cando acendidas rosas no tempo da vide
exaltan contra o río os bastóns da aciñeira.

Dende a ponte de regreso escóitanse
as voces que cultivaron a vide
e que nunca foran podadas.

Eran no val recién labrado
voces infinitas, existentes e normais
que en xaneiro pertencían ao voitre.

Deixaba a vide que outro xulgara a súa inxustiza
limitándose a adorar as mans imperfectas
reencarnación doutras mans
daquelas mans que cultivaron a terra fértil.

Céfiros ventos sobre o chan de ónix
rodan lunares sen paisaxe debaixo da boca,
onde residen os cabelos brancos envolvidos

templos, camiños, pazos camiñan.